

Accesibilid **A** de Universal

Menos **C**oches

Máis Bicc **O**ruña

Tren Ce **R**cañas

Máis B **U**s

Cami **Ñ**os Seguros

Beir **A**rúas Amplas

*En mobilidade*

**MOVEMOS** ficha para  
que **A Coruña** avance



Move ficha  
pola Coruña!  
**bng**   
abloqueacoruña

**bng**   
abloqueacoruña

# MOVEMOS ficha para que A Coruña avance

Sabemos as molestias que produce camiñar pola rúa e que as beirarrúas sexan moi estreitas, non poder camiñar cun carro de bebé ou en cadeira de rodas; ou cruzar a toda présa porque o semáforo está pensado para que flúan os coches; non atopar bici na estación de Bicicoruña; que haxa xente que non sabe ben como ir en bici ou patinete pola cidade; ter que ir en coche ao traballo porque non hai bus á hora á que entras ou á hora á que saes; ir coma sardiñas en lata no bus ou que che pasen 5 universitarios polos focinhos sen poder coller ningún; non ter como subir ao CHUAC ou ao Materno; non ter bus cando saes de Riazor...

Sabémolo e sabemos que non son problemas novos. Por iso, movemos ficha para que a cidade avance.

Porque para o BNG a mobilidade é un dereito básico. Se temos unha boa mobilidade tamén podemos acceder a outros dereitos: emprego, sanidade, educación, lecer, etc. Toda as nosas propostas teñen como obxectivo que todo o mundo se poida mover pola Coruña de maneira segura independentemente do seu xénero, da súa idade, da súa condición física ou dos seus recursos económicos.

O noso modelo de cidade prioriza as persoas, os peóns, despois o transporte público, as bicicletas e os patinetes e sitúa, no último lugar, os coches.

Tamén temos en conta que hai moita xente que traballa fóra da cidade e moita xente da área metropolitana que vén traballar, estudar etc á Coruña: por iso tamén incluimos propostas sobre isto.

## 1. MÁIS ACCESIBILIDADE UNIVERSAL.

### Máis espazos públicos de calidade e seguros.

- Rúas peonís ou semipeonís que favorezan o pequeno comercio, sempre pensando nas zonas de carga e descarga.
- Beirarrúas amplas e ben pavimentadas.
- Prazas, parques e zonás verdes que fomenten a socialización.
- Bancos e espazos de descanso en toda a cidade.
- Pasos de peóns visíbeis e ben situados, con tempos axeitados nos semáforos.



## 2. O coche, aparcado

- Optimización das prazas de aparcadoiro en superficie.
- Estudo e construción de aparcadoiros públicos nos barrios que os precisan.
- Mellora da accesibilidade dos aparcadoiros públicos.



## 3. Mobilidade sostíbel.

### MÁIS BUS: público, útil e eficiente


- Aposta pola municipalización do servizo.
- Posta en marcha do carril bus.
- Reordenación das liñas de bus para conectar mellor:
  - › Os barrios entre si.
  - › Os hospitais e centros sanitarios.
  - › Os centros de ensino da cidade.
  - › Os centros de traballo e os polígonos industriais.
- Aumento dos horarios dos buses, desde as 6 da mañá até as 12 da noite.
- Máis frecuencias.
- Renovación da frota para que sexa menos contaminante.

### MÁIS BICIS e mellor usadas

- Ampliación do carril bici e mellora da seguridade dos que xa hai.
- Mellora do servizo de Bicicoruña.
- Realización de campañas sobre as normas de circulación das bicicletas e dos patinetes.
- Instalación de aparcabicis nos aparcadoiros públicos.

## 4. Máis e mellor transporte público nos concellos veciños

- Mellora das conexións en autobús metropolitano: liñas, horarios e frecuencias.
- Carril bus nas vías de entrada e saída da cidade.
- Implantación do tren de cercanías na nosa comarca.
- Posta en marcha o transporte público marítimo.
- Aparcadoiros disuasorios gratuítos ben conectados co transporte público.







**Move ficha  
pola Coruña!**



**Todas as nosas propostas teñen como obxectivo que todo o mundo se poida mover pola Coruña de maneira segura independentemente do seu xénero, da súa idade, da súa condición física ou dos seus recursos económicos.**

### **Mobilidade inclusiva e segura**

O obxectivo principal é garantir que todas as persoas, independentemente da súa idade, xénero, condición física ou recursos económicos, poidan desprazarse pola cidade de forma segura.

### **Prioridade aos peóns e ao transporte público**

O modelo de cidade proposto polo BNG prioriza os peóns, seguido do transporte público, bicicletas e patinetes, deixando aos coches en último lugar.

### **Visión metropolitana**

O BNG tamén ten en conta as necesidades de mobilidade das persoas que viven na área metropolitana e se desprazan á Coruña por motivos de traballo, estudo etc.

